

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

CORRECCIÓN ERRO ANUNCIO BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES NO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2010.

Anuncio do Concello de Pontevedra sobre corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no servizo de extinción de incendios do concello, incluídas na oferta de emprego público de 2010.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de setembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

B) CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES NO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO, INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2010.

Na Xunta de goberno local que tivo lugar o día 3 de agosto de 2015 se aprobaron as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no servizo de extinción de incendios do Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público de 2010.

Detectados erros nas bases específicas que regulan a convocatoria de unha praza de sarxento no seu apartado quinto.b relativo ao segundo exercicio práctico, obrigatorio e eliminatorio da fase de oposición, así como na corrección de erros aprobada pola xunta de goberno local de data 14/09/2015, compre corrixir os erros detectados de conformidade co establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92 de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que establece que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materias, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Polo exposto a xunta de goberno local, por unanimidade, ACORDA:

ÚNICO: Corrixir os erros detectados no acordo da Xunta de goberno local de data 3 de agosto de 2015 polo que se aproban as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no servizo de extinción de incendios do Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público de 2010 e na corrección de erros de data 14/09/2015, de xeito que:



No apartado quinto.b relativo ao segundo exercicio práctico, obrigatorio e eliminatorio da fase de oposición nas bases específicas número 2 que regulan a convocatoria de unha praza de sarxento, onde pon:

“b) SEGUNDO EJERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO, que consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio e durante un período de tres (3) horas, en relación coas materias contidas no temario establecido na base oitava e relacionado coas funcións do posto. Este exercicio cualificarase entre cero (0) e vinte (20) puntos, sendo necesario obter un mínimo de cinco (10) puntos para aprobar este exame. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio”

debe poñer:

“b) SEGUNDO EJERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO, que consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio e durante un período de tres (3) horas, en relación coas materias contidas no temario establecido na base oitava e relacionado coas funcións do posto. Este exercicio cualificarase entre cero (0) e vinte (20) puntos, sendo necesario obter un mínimo de dez (10) puntos para aprobar este exame. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio”

Contra o precedente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, a 22 de setembro de 2015.—O Concelleiro de Goberno, Vicente García Legísima.

